

**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Protocolo – Centro Xestor 38

## **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN**

**EXPEDIENTE: SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DA “FESTA DOS MAIORES 2019”**

A lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/EU, do 26 de febreiro de 2014 establece:

*“ Artigo 28. Necesidades e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.*

*1.- As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado a súa adxudicación. “*

## **DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**

### **1.- UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTATACIÓN**

- Centro Xestor proponente: Protocolo
- Persoa responsable do seguimento: Carlos Mirás Bello


### **2.- OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto do contrato é a organización, incluíndo o montaxe da instalación de 1.700 cadeiras e as súas correspondentes mesas, e prestación do servizo de xantar, da celebración da “Festa dos Maiores 2019”. A desenvolver no recinto feiral de Amio en Santiago de Compostela.

O servizo inclúe a:

O menú consistirá en empanada de bonito, empanada de bacallau, polbo á feira, carne ó caldeiro con patacas, tarta de Santiago e Larpeira, pan, bebidas (viño tinto e branco, cervexa, refrescos, auga e gaséas) e café para un máximo de 1.700 asistentes.

O evento cumprira cos requisitos establecidos polo Concello de Santiago para se calificar como Evento Sostible, o que supón a asunción por parte do provedor das seguintes condicións:



## **CONCELLO DE SANTIAGO**

*Protocolo - Centro Xestor 38*

- Prohibirase o uso de elementos de usar e tirar e de envoltorios individuais de plástico (coma os bolos de pan en plásticos individuais ou refrescos en formato individual).
- Requiriranse ou valoraranse a adopción de medidas para minimizar o desperdicio alimentario, por exemplo na disposición dos alimentos aos comensais (medidas que definirá o proveedor).
- Empregaranse materiais de papel reciclado (como manteis ou panos de mesa de papel reciclado) ou serán substituídos por elementos re utilizados (por exemplo, manteis de tea ou tecidos re utilizables).
- De seren utilizados, empregaranse adornos e outros elementos de apoio que sexan re utilizables.
- Requirirase que o persoal de atención ao evento deposite os residuos de forma selectiva nos colectores que dispoña o Concello.
- Adicionalmente, valoraranse na contratación a presentación de certificados ou medidas ambientais.

O control de asistencia efectuarase a través da venda de entradas, labor que correrá a cargo do Concello, e polo que as persoas asistentes aboarán individualmente a cantidade de sete con cincuenta euros (7,50 €). Os fondos resultantes ingresaranse na conta que sinale a Intervención Municipal.

### **3.- PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN**


Aberto simplificado

### **4.- DIVISIÓN POR LOTES**

Non. A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato supón un risco para a súa correcta execución, dada a natureza do seu obxecto, ao implicar a necesidade de coordinar diferentes prestacións.

### **5.- NECESIDADES QUE SE PRETENDER CUBRIR**

Este contrato ten unha finalidade social esencial que é a de fomentar a participación e interacción das persoas maiores de distintas parroquias e lugares do termo municipal, celebrando un día especial nun espazo de encontro no que se sintan protagonistas.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Protocolo - Centro Xestor 38

O Concello non dispón de medios persoais nin materiais para desenvolver o xantar da festa dos maiores, polo que se fai necesario a contratación externa do mesmo dada a súa especialización.

### **6.- CUALIFICACIÓN DO CONTRATISTA**

Non se exige.

### **7.- NOMENCLATURA (CPV)**

Códigos CPV: 55321000-6, 55322000-3

### **8.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

010-91201-22601 PROTOCOLO E ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS

### **9.- TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN**

Orzamento base de licitación (IVE excluído): O prezo máximo previsto para cada xantar ascenderá a **21,05 euros** sen IVE. As empresas licitadoras realizarán ofertas á baixa sobre este prezo unitario.

IVE: 2,105 euros. Tipo: 10% do orzamento base anterior.

O gasto máximo previsto para este contrato ascende á cantidade de 35.785,00 € máis IVE (10%: 3.578,50 €) que resulta de aplicar o prezo unitario previsto ó número máximo de xantares.

### **10.- PLAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS**

Dia 1 de xuño de 2019. Recinto Feiral de Amio.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2019

O alcalde

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

O responsable do centro xestor

Asdo.: Carlos Mirás Bello

